... de libros e de letras

24 de outubro: día das bibliotecas escolares

O vintecatro de outubro celebrouse o día das Bibliotecas Escolares.
Conmemorouse este día para lembrar a importancia que teñen as nosas bibliotecas para que medremos soñando e aprendendo. Para iso debemos coidala, para que poidamos ir todos os días a aprender e gozar da súa sabiduría.
Unha biblioteca é un edificio público ao que poden acceder todo tipo de persoas sempre que veñan a aprender, gozar e traballar. Os que veñan coas intencións de berrar ou rifar poden marchar.
Algunhas bibliotecas coñecidas de Santiago son a Biblioteca Pública Ánxel Casal, a Biblioteca Novacaixagalicia ou a Biblioteca da Cidade da Cultura.
No noso colexio tamén temos unha biblioteca a que acudimos todos os nenos do centro.
Este ano os alumnos de sexto colaboramos no traballo da biblioteca ordenando os libros para que os nosos compañeiros os atopen sen dificultade.
Para celebrar este día ,no colexio, os nenos e nenas de 6ºA gravamos un vídeo coas normas da nosa biblioteca e incluímos un rap escrito por nós. Foi moi emocionante e divertido e gustaríame repetir esta actividade. As normas trataban sobre como colocar ben os libros, gardar silencio, para que se utilizan os ordenadores…
E esta frase, incluída no video para resumir:
"A biblioteca e un mundo a descubrir cunhas normas que hai que cumprir".

María Álvarez Rouco 6ºA

O pasado día 24 de outubro o alumnado de 4 anos visitou a librería Couceiro. Ao chegar a librería consultaron varios libros e cada un deles elexiu o que quería mercar. O sair déronlle a cada neno e nena un agasallo consistente nunha "mochila dos bolechas".
Con ese libro que trouxeron para clase, comezarase o próximo trimestre o préstamo de libro a casa, tal e como fixemos o curso pasado. Levaranno durante a fin de semana e voltará á escola para que poda ser prestado a outro compañeiro.

A GUERRA DA BIBLIOTECA

4º C

Un día as bibliotecas escolares reuníronse na Plaza Mayor de Madrid para falar de asuntos de libros. Tiña vido a Señora Biblioteca Peleteiro, o Señor Pío XII, a Señora San Francisco Javier e o Señor Biblioteca de Sar. Estaban a falar de por que os nenos non coidaban os libros. De repente apareceu o esquío Pío e suxeriulles que, xa que todos dicían que o seu problema era o maior, se intercambiaran. O Señor Pío XII foise ó Colexio San Francisco Javier; a Señora Biblioteca Peleteiro foise ó Colexio Sar e a Señora San Francisco Javier foise ó Colexio Pío XII.
Os nenos non se decataron, pero unha nena e un neno que lían moito chamados Xurxo e Sara do Colexio Pío XII déronse conta de que algo ía mal. Ó día seguinte foron ó Colexio San Francisco Javier e comprobaron que alí esta a súa Biblioteca, pero moi descolocada. E preguntáronlle:
-¿Por que estás aquí?
- Porque os nenos do Pío XII non coidades os libros e por iso me teño cambiado. Pensaba que aquí ía ser mellor, peor aquí tampouco os coidan- dixo a Biblioteca de Pío XII.
Os nenos dixéronlle que lle pedirían ós nenos do Pío XII e dos outros colexios que coidaran a súa biblioteca e ordenaron os libros. Tamén volveron pintar a biblioteca. Dende entón as bibliotecas xa están no seu sitio. E lembrade: ¡COIDADE A BIBLIOTECA!

O 30 de novembro veu ás aulas Lola. Contounos un conto que trataba sobre temas tan importantes como a solidariedade, o consumo responsable e a amizade.
O protagonista era un gorrión que non atopaba a súa comida no bosque (as boliñas do acivro) porque os humanos a tiñan adornando as súas casas polo Nadal.